

ESTREA EN NUMAX: 28.03.2018 | V.O.S.E. | +16

The Nile Hilton Incident (2017, 106')

Dirección: Tarik Saleh

Guión: Tarik Saleh

Elenco: Fares Fares, Tareq Abdalla, Yasser Ali Maher, Nael Ali, Hania Amar, Slimane Dazi, Ger Duany, Ahmed Abdelhamid Hefny

Son: Marc Meusinger

Montaxe: Theis Schmidt

Vestuario: Louize Nissen

Dirección de arte: Eugenie Norlin

Música: Kristen Linder

Fotografía: Pierre Aïm

Produtoras: Atmo Production, Final Cut for Real, Kasbah-Film Tanger (Suecia-Dinamarca-Alemaña-Marrocos)

Distribuidora: La Aventura

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Árabe, dinka, inglés, francés

FILMOGRAFÍA

Tommy, 2014

Metropia, 2009

Sacrificio. Quién traicionó al Che Guevara, 2001 [TV, con Erik Gandini]

PREMIOS E FESTIVAIS

Sundance 2017 (Gran Premio do Xurado), SEMINCI 2017 (Mellor filme, director e guión), Beaune International Thriller Film Festival 2017 (Gran Premio do Xurado)

SINOPSE

Noredin, un axente de policía de El Cairo, encárgase de investigar o caso dunha famosa cantante asasinada nun cuarto de hotel. Axiña descubrirá que o que parece ser un crime común, agocha terribéis implicacións da intocábel elite que dirixe o país, blindada ante a xustiza.

«Un thriller atmosférico e importante»

Stefan Dobroiu, CINEUROPA



“Un personaxe que desafia os deuses”

Entrevista con Tarik Saleh
Por Fabien Lemercier

Como nace a idea de *El Cairo Confidencial*? En 2009, co brutal asasinato en Dubai dunha cantante libanesa. Un oficial da policía nacional exipcia foi detido e afirmou que se trataba dun encargo por orde dun home de negocios exipcio moi famoso, o Donald Trump local por así dicilo, un home que dirixía en El Cairo un programa de construción inmobiliaria dun millón de vivendas bautizado co nome d'*A miña cidade*. Lideraba un imperio, estaba protexido pola inmunidade parlamentaria e pertencía ao pequeno grupo de homes de negocios que rodean o presidente exipcio e reciben o nome dos *intocábeis*. Para sorpresa xeral, o xefe dos servizos secretos exipcios, que ademais era vicepresidente por aquel entón e un dos homes máis temidos do país, pediu que este home de negocios, que estaba en Suíza, volvese ao país para responder algunhas preguntas. Aquilo era incríbel e estrañísimo! As cuestións de sexo e chantaxe existen en Exipto desde os tempos dos faraóns. Total, que este home volveu, quitáronlle a inmunidade, xulgárono e condenárono a morte. O proceso foi para Exipto como o de O. J. Simpson, todo o mundo seguíuno.

Daquela, comecei a escribir un guión inspirado nestes acontecementos, xa que tiña a impresión de que era a primeira fractura no xeo. Cando a revolución

estoupou en 2011, volvíu pensar nel, até que punto fora premonitorio, e reescribíno á luz dos acontecementos daquel novo presente. O cambio máis importante que introducín foi situar a historia en El Cairo xunto antes da Revolución. Imaxinei o que tería pasado o investigador criminal encargado deste asunto en Exipto naquela época e que tería feito.

Como nos seus filmes anteriores, *Metropía* (2009) e *Tommy* (2014), o personaxe principal enfróntase a todo un sistema. Gústame esta idea procedente das traxedias gregas: un personaxe que desafia os deuses. Evidentemente nunca ha gañar pero sempre é magnífico. É máis ou menos o que nós facemos como humanos: loitamos contra a natureza. Como dixo Paul Valéry, o ser humano é un animal pechado no exterior da súa propia gaiola. Coido que, en xeral, non hai máis que dous tipos de relatos, o policiaco clásico no que identificamos un problema no sistema e resolvémolo, cun malo que acaba na cadea e un final feliz; ou aquel, máis interesante para min, no que un personaxe combate un sistema totalmente corrupto ao que pertence correndo o risco de verse esmagado.

Publicado en <http://cineuropa.org/>
Traducións: Xan Gómez Viñas

“A atracción do poder e a fealdade da verdade”

Declaracións do director
Tarik Saleh

O filme trata de El Cairo. Sobre o pasado e o futuro no caos (e a xente que quedou esmagada no medio). Tres días antes de arrancar a rodaxe, a Seguridade de Estado Exipcia denegounos a entrada e tivemos que levar a produción a Casablanca. Estaba destrozado. Daquela pensei en Fellini e *Amarcord* (1973). A xente de Rimini, o seu lugar de nacemento, podía xurar que recoñecía rúas e casas do filme, aínda que todo estaba rodado en Cinecittá. Podíase facer! Para recrear unha cidade tes que capturar a súa alma. Quería recrear a gloria distópica de El Cairo. Altos contrastes en amarelo e negro, non un deses tours onde non baixas do autobús, aquí facemos paradas de verdade, alimentámonos, poñémonos enfermos.

O importante non é o que pasa senón como pasa. Noredin é o noso guía, un príncipe da cidade. Hanos ensinar a arte do suborno, os códigos sociais de como saudar e dirixirse á xente segundo o seu estatus social. Hai apertóns de mans, cambios de diñeiro, pequenos xestos. Has descubrir a beleza e a atracción do poder e a fealdade da verdade, a ficción de *El Cairo Confidencial* está constantemente a petar coa realidade. Ás veces asústame mais, para ser honesto, é a razón pola que fago todo isto, para facer os meus soños realidade.

Publicado en <http://laaventuraaudiovisual.com>

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org

Jean-Pierre Léaud
Pauline Étienne

O león dorme esta noite

UN FILME DE NOBUHIRO SUWA
co protagonista d'O 400 golpes

«Un conto fantástico totalmente inesperado»
Jean-François Rauger — LE MONDE

«Jean-Pierre Léaud emocioná dende o primeiro momento»
Daniel de Partearroyo — CINEMANIA

«O mellor filme do Festival de San Sebastián»
CAIMÁN CUADERNOS DE CINE

Estrea en cines 27 DE ABRIL

distribucion.numax.org/leon

CO-PRODUCCIÓN: Nobuhiro Suwa (JAPÓN) Jean-Pierre Léaud, Pauline Étienne, Maud Wyler, Arthur Harari, Isabelle Weingarten, Noé Sampa, Jean-Louis Berard, Françoise Michaud, Louis-Dodo Lencquesaing, Jules Langlade (FRANCIA) Nobuhiro Suwa, CO-PRODUCCIÓN: Fugue en Mineur (FR) Jean-Pierre Léaud, CO-PRODUCCIÓN: Tom Harari (FR) Florent Klockenbring, Emmanuel Crosset (FRANCIA) Thomas Gréaud, CO-PRODUCCIÓN: Inès De La Bevière, CO-PRODUCCIÓN: Marial Salomon (FR) Olivier Marguerit, CO-PRODUCCIÓN: Michiko Yoshitake, Jérôme Dopflet, CO-PRODUCCIÓN: Yuji Sadai, CO-PRODUCCIÓN: Centre National de la Cinématographie et de l'Image Animée, CO-PRODUCCIÓN: Région Provence-Alpes-Côte d'Azur, CO-PRODUCCIÓN: Département des Alpes-Maritimes, CO-PRODUCCIÓN: CNC, CO-PRODUCCIÓN: Agency for Cultural Affairs do Goberno de Xapón, CO-PRODUCCIÓN: FILM-IN-EVOLUTION, Les Productions Balhazar, Bitters End, CO-PRODUCCIÓN: NUMAX Distribución